

Resolución reitoral pola que se declara deserta e pechada a convocatoria de axudas para a difusión dos resultados de investigación do estudantado de doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural, no curso académico 2022/2023

Vistas as solicitudes de desestimento das dúas únicas persoas que tiñan presentado solicitude á convocatoria

De conformidade co anexo I da resolución reitoral de 18 de xullo de 2023 no que se regulan as bases da convocatoria *de axudas para a difusión dos resultados de investigación do estudantado de doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural, no curso académico 2022/2023*

esta Reitoría RESOLVE:

declarar deserta a convocatoria e dar por finalizado o procedemento

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade,

Natalia Caparrini Marín

